

Memoria de actividade 2025

Nodo Galego de Ciberseguridade
CIBER.gal

Febreiro 2026



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE

01

Páx. 04

Carta do Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

02

Páxs. 05 a 20

Actividade do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

2.1. Colectivos e áreas de
traballo

2.2. Resumo en cifras

01

Carta do presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE

Febreiro de 2026

Axentes vinculados ao Ecosistema de
Ciberseguridade do Nodo Galego de
Ciberseguridade **CIBER.gal**

Estimadas e estimados,

Compráceme presentar a **memoria de actividades correspondente ao ano 2025 do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, un exercicio que volve a poñer de manifesto a fortaleza dun ecosistema construído sobre a colaboración, o compromiso e a suma de capacidades de todos os axentes que o integran.

Ao longo deste ano, o Nodo seguiu consolidándose como un **espazo de referencia para a sensibilización, a capacitación e a xeración de coñecemento en ciberseguridade**, impulsando iniciativas dirixidas tanto á cidadanía como ao tecido empresarial, ao ámbito académico e á Administración Pública. Actividades coma o V Encontro CIBER.gal, a elaboración do informe de ciberseguridade nas empresas galegas ou o impulso de accións formativas e proxectos de investigación reflicten unha aposta clara por abordar a ciberseguridade desde unha perspectiva integral e accesible.

Quixera destacar, ademais, que nada disto sería posible sen a **implicación activa e o traballo constante de todas as entidades e persoas que forman parte do Nodo CIBER.gal**. A todas elas quero trasladar o meu agradecemento sincero polo seu esforzo, a súa visión compartida e a súa contribución a reforzar a cultura da ciberseguridade en Galicia.

Sigamos avanzando xuntos, coa mesma ilusión e responsabilidade, para **afrontar os retos do futuro dixital con maiores garantías e confianza**.

Damián Rey Rodríguez

Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal
Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



02

**Actividade do Nodo
Galego de
Ciberseguridade
CIBER.gal**



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE

2.1. Colectivos e áreas de traballo

O **Nodo CIBER.gal** orienta a súa actuación a tres públicos principais: a cidadanía, o tecido empresarial e as administracións públicas. As iniciativas impulsadas desde o Nodo, desenvolvidas na súa maior parte polos axentes colaboradores que conforman o ecosistema CIBER.gal, organízanse en distintas liñas de traballo co obxectivo de atender de forma eficaz as necesidades específicas de cada un destes colectivos.

Público obxectivo



Cidadanía



**Tecido
empresarial**



**Administración
Pública**

Liñas de actuación



Concienciación, capacitación e formación

Co fin de garantir que toda a sociedade galega comprenda a relevancia da ciberseguridade na súa vida cotiá e utilice a tecnoloxía de maneira segura, adoptando boas prácticas que lle axuden a facer fronte ás ciberameazas.



Difusión e colaboracións en iniciativas de referencia

Co obxectivo de manter á sociedade informada sobre as novidades no campo da ciberseguridade, comunicar avances, o lanzamento de novas iniciativas, actividades relevantes e outros aspectos de interese, así como participar en proxectos clave que axuden a destacar o traballo de CIBER.gal.



Fomento do talento

Co fin de impulsar a creación, atracción e retención de talento especializado, así como promover a investigación e a transferencia de tecnoloxía, ademais de fomentar a formación en ciberseguridade a tódolos niveis educativos.



Facilitar servicios de ciberseguridade

Co obxectivo de ofrecerlles aos axentes involucrados o acceso gratuíto a ferramentas e servizos que reforcen as capacidades de ciberseguridade dentro das organizacións.



Impulso á industria da ciberseguridade

Co propósito de impulsar a innovación en ciberseguridade, facilitar a adopción de produtos e servizos innovadores nas organizacións, e conectar todos os actores do ecosistema.

2.2. O Nodo galego de ciberseguridade en 2025

O Nodo CIBER.gal consolidou en 2025 o seu papel como espazo de colaboración público-privada para elevar a ciberseguridade en Galicia. O ecosistema, integrado por cerca de 60 entidades colaboradoras entre administracións públicas, empresas tecnolóxicas e de servizos, universidades e centros de coñecemento, así como axentes do ámbito xurídico e asociativo, traballou de forma coordinada para sensibilizar, capacitar e prestar servizos á cidadanía, tecido produtivo e administración.



Nas actividades destinadas á **Cidadanía**, reforzáronse as accións de divulgación e prevención con contidos prácticos sobre pegada dixital, privacidade e uso responsable de redes sociais, ademais do desenvolvemento de iniciativas educativas e recursos audiovisuais para a concienciación en ciberseguridade de familias e mozos.

En canto ás empresas, o Grupo de Traballo de **Empresas** articulou un ciclo de xornadas e obradoiros para pemes e profesionais TIC, con demostracións, cesións de ferramentas e consultas a expertas e expertos no ámbito da ciberseguridade.

En relación coa **Administración Pública**, reforzáronse as capacidades de seguridade mediante formación especializada, campañas de concienciación, auditorías técnicas e melloras operativas, aliñadas cos marcos nacionais e europeos vixentes.

Como fito transversal, o **V Encontro CIBER.gal** reuniu ao ecosistema galego de ciberseguridade na Cidade da Cultura de Galicia con obradoiros, paneis e espazos interactivos, afianzando a Galicia como referencia en cooperación público-privada e resiliencia dixital. Esta memoria reflicte o **avance de 2025: máis coordinación, máis talento e máis impacto medible na seguridade do noso ecosistema**.





CONCIENCIACIÓN E CAPACITACIÓN

Abril



II Remesa de actividades do Grupo de Traballo de Empresas

En 2025, o Nodo CIBER.gal levou a cabo a **II Remesa de actividades do Grupo de Traballo de Empresas cun ciclo de sensibilización e capacitación dirixido ao tecido empresarial de Galicia**, resultado da implicación de **máis de 30 entidades vinculadas ao Nodo**.

O ciclo recolleu unhas **20 actividades estruturadas en cinco liñas de actuación: obradoiros prácticos, cesión de ferramentas e recursos, consulta/asesoramento de persoas expertas, xeración e almacenamento de coñecemento, e píldoras formativas**, adaptadas ás necesidades das empresas.

Na organización e desenvolvemento destas actividades participaron: **Amtega, INCIBE, Deputación da Coruña, Deputación de Lugo, Deputación de Ourense, Deputación de Pontevedra, Fegamp, ADENDA, APDTIC, Authusb, Balidea, BE:SEC, CCI, Coren, Deloitte, DLTCODE, Dominio PuntoGal, dooingIT, Ednon, Estrella Galicia, Forensic&Security, Google, Gradient, Inditex, Inprosec, ISMS Forum, Pintos & Salgado, Sermicro e Tecdesoft**.

Para avaliar a calidade do ciclo, **recolléronse enquisas de satisfacción en 20 sesións, cunha media global de 8,6/10**.

20

Actividades

+300

Asistentes ás actividades

8,6/10

Grao de satisfacción dos asistentes

+30

Entidades colaboradoras



Curso superior en ciberseguridade

No marco do **Nodo CIBER.gal**, e en colaboración coa **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)** e o **Centro Criptolóxico Nacional (CCN)**, a **Amtega** organizou a quinta edición do **Curso Superior en Ciberseguridade**, con 108 horas lectivas e unha oferta de 70 prazas.

Setembro



Curso superior de protección de datos

No marco do **Nodo CIBER.gal** e en colaboración coa **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**, a **Amtega** impulsou unha nova edición do **Curso Superior de Protección de Datos**, orientado a reforzar as capacidades do persoal empregado público no cumprimento da normativa vixente.

A formación, ofreceu un total de **70 prazas** dirixidas a persoal da Administración Autonómica e doutras entidades públicas galegas.



Obradoiros sobre a pegada dixital e redes sociais

En colaboración coa **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, continuouse impulsando o programa **"Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais"**, dirixido ao alumnado de 2.º a 4.º da ESO e de ciclos formativos básicos de FP, co obxectivo de fomentar un uso responsable e seguro das redes sociais e concienciar sobre a importancia da identidade e a pegada dixital. **No 2025**, durante o curso 2024-2025 e 2025-2026, desenvóléronse **277 obradoiros prácticos** que contaron coa participación de **7.601 estudantes**.

+7.600

Asistentes no 2025



CONCIENCIACIÓN E CAPACITACIÓN

Novembro



V Encontro Galego de Ciberseguridade

No ano 2021, naceu como iniciativa do **Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, o **Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**. Desde entón, consolidouse como o evento de referencia no sector da ciberseguridade en Galicia.

En 2025 celebrouse a 5ª edición os días 5, 6 e 7 de novembro no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia, (Santiago de Compostela), **reunindo a persoas expertas, empresas, entidades públicas e cidadanía para analizar os retos e oportunidades do ecosistema dixital**.

O encontro foi **organizado polo Nodo CIBER.gal e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**, coa colaboración do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), e **contou co apoio de cerca de 30 entidades**: Gradiant, Telefónica, Abanca, Deloitte, Fujitsu, Inprosec, Proofpoint, S2Grupo, Seresco, Vodafone, APDTIC, cloud.gal, CTAG, DLTCode, Hijos de Rivera, Indra, Ivanti, NTTData, Palo Alto, Sermicro, Trendmicro, Balidea, Ednon, Altia, authUSB, BE:SEC, Inetum e Netskope.

Como **principal novidade**, o programa estruturouse en tres xornadas diferenciadas, cada unha enfocada nun público obxectivo (administración pública, tecido empresarial e cidadanía), combinando relatorios, paneis de debate, obradoiros e actividades divulgativas.

Ademais, **realizáronse exposicións onde as entidades patrocinadoras presentaron solucións de ciberseguridade e, grazas á colaboración do INCIBE, o público puido desfrutar da experiencia "Road Show" e dun expositor interactivo**. O programa incluíu a competición 'Capture The Flag' (CTF) (patrocinada por Gradiant) e a actividade 'Conecta Senior' (patrocinada por Telefónica).

+3.600

Inscripcións ó
V Encontro

43%

Incremento de
asistencia ao
evento

+75

Persoas
expertas
participantes



V Encontro CIBER.gal: Bloque de Administración Pública

No marco do V Encontro CIBER.gal, o bloque destinado á Administración pública (5 de novembro) abordou retos de coordinación e capacidades territoriais en ciberseguridade, o necesario cambio de modelo a nivel nacional, e as sinerxías entre cidades para fortalecer a seguridade dixital.

Entre os contidos do bloque destacaron mesas e relatos sobre redes territoriais de especialización tecnolóxica, claves nacionais de ciberseguridade e o papel da ciberdefensa no contexto xeopolítico actual, así como un panel sobre dereitos, riscos e responsabilidades nunha sociedade dixital.



CONCIENCIACIÓN E CAPACITACIÓN



V Encontro CIBER.gal: Bloque de Empresas

No marco do **V Encontro CIBER.gal (6 de novembro de 2025)**, o bloque dedicado ao tecido empresarial reuniu relatos e paneis orientados a conectar ciberseguridade con estratexia de negocio e novos escenarios tecnolóxicos.

O programa incluíu un relatorio centrado na relación entre **ciberseguridade e intelixencia artificial**. Tamén incorporou un **panel enfocado no alíñamento directivo entre negocio e seguridade**. Así mesmo, programouse un **debate sobre o novo mapa das telecomunicacións e unha sesión dedicada á revolución cuántica aplicada a ciberseguridade**. Finalmente, o bloque incluíu un **relatorio sobre NIS 2 e a cadea de subministración**.



V Encontro CIBER.gal: Bloque de Cidadanía

O 7 de novembro de 2025, o V Encontro CIBER.gal dedicou a súa xornada de mañá á cidadanía, con especial foco en escolares e adolescentes, e con formato presencial e en liña.

A programación **combinou actividades divulgativas, educativas e de sensibilización, incorporando a final do concurso "Ciberseguridade no cole" (V edición)** dentro do propio programa da xornada. Incluíu tamén a obra de teatro ****#VIRAL****, orientada a **reflexionar sobre a viralidade en redes e as súas consecuencias**, e charlas deseñadas para inspirar vocacións e **promover boas prácticas**, como "Ser hacker para protexer o mundo dixital" e "Como se chega a ser hacker?". Ademais, celebrouse o panel "Igualdade e seguridade na rede", centrado na construción de espazos dixitais libres de violencia de xénero.

Este bloque reforza a cultura de ciberseguridade desde idades temperás e promove hábitos dixitais seguros, combinando aprendizaxe práctica e formatos accesibles para público xeral.



V Encontro CIBER.gal: Concurso Ciberseguridade no cole!

O concurso "Ciberseguridade no cole" celebrou en 2025 a súa quinta edición, co obxectivo de concienciar ao alumnado sobre o uso seguro e responsable da tecnoloxía.

Está dirixido a estudantes de **10 a 14 anos (5º-6º de Primaria e 1º-2º da ESO)** e desenvólvese en dúas fases: unha semifinal en liña e unha final presencial celebrada o 7 de novembro na Cidade da Cultura, no marco do V Encontro CIBER.gal.

Semifinal (fase en liña): **Participaron preto de 80 centros educativos, dos cales 28 foron de nova incorporación. Seleccionáronse 6 centros finalistas: 3 de Primaria e 3 de Secundaria, que competiron na final presencial.**



+5.000

Alumnos
participantes

+75

Colexios
participantes

6

Colexios
premiados



CONCIENCIACIÓN E CAPACITACIÓN



V Encontro CIBER.gal: Conecta Senior

30

Asistentes á
sesión

No marco do V Encontro CIBER.gal, **celebrouse en formato presencial a iniciativa Conecta Senior, un encontro formativo dirixido a achegar a seguridade dixital e o uso responsable da tecnoloxía ás persoas maiores.**

A sesión orientouse a un **enfoque práctico e próximo, abordando: como aproveitar novas tecnoloxías no día a día (incluída a intelixencia artificial), claves para navegar por Internet con seguridade e consellos para previr riscos dixitais.**



V Encontro CIBER.gal: Experiencias INCIBE

No V Encontro CIBER.gal, **grazas á colaboración do Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), despregáronse as experiencias STAND e Roadshow durante os días 5, 6 e 7 de novembro, en horario de mañá e tarde.**

Experiencia STAND: espazo con actividades de concienciación e lúdicas (por exemplo, xogos Cyberscouts) e píldoras informativas adaptadas a distintos públicos: alumnado (contrasinais seguras), empresas (decálogo de ciberseguridade) e cidadanía en xeral (privacidade, enxeñaría social e mediación parental). Quendas de 30 minutos con aforo de 24 persoas por quenda.

Experiencia Roadshow: camión despregable con actividades interactivas (escape room de ciberseguridade, xogos online, píldoras e cabina "A túa axuda en Ciberseguridade"). Quendas de 1 hora, con aforo de 30 persoas no interior e 30 no exterior.

+500

Persoas
inscritas ás
experiencias



V Encontro CIBER.gal. Demostracións

No V Encontro CIBER.gal ofreceron **tres demostracións de ciberseguridade abertas ao público:** "**Seguridade cuántica para redes tácticas**", mostrou un despregamento 5G cuántico-seguro para comunicacións tácticas con vehículos autónomos e robots; "**POSEIDON: Xestión e ciberseguridade do Ciclo Integral da Auga**", presentou unha plataforma que combina supervisión de procesos con monitorización de ciberseguridade para mellorar a detección de incidentes; "**Laboratorio de innovación en ciberseguridade IoT**", permitiu aos asistentes experimentar con tecnoloxías reais de IoT.

Decembro



Programa "Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidade"

En colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, púxose en marcha o programa "**Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidade**", unha iniciativa dirixida ás familias do alumnado de centros educativos, orientada a reforzar o seu papel no acompañamento dos menores no uso seguro e responsable das tecnoloxías. A iniciativa, iniciada a finais de 2025, recolle a realización de **250 obradoiros presenciais de carácter práctico.**



Campaña de sensibilización en materia de ciberseguridade

Durante 2025 formalizouse a posta en marcha dunha **campaña de sensibilización en materia de ciberseguridade**, orientada a reforzar o uso responsable e seguro das tecnoloxías por parte da cidadanía. A campaña, deseñada para a súa difusión **a través de medios de comunicación** xeneralistas como televisión, radio e prensa, ten como obxectivo ampliar o alcance das mensaxes de concienciación e prevención no ámbito da seguridade dixital e está previsto que se poña en marcha a **comezos de 2026.**


CONCIENCIACIÓN E CAPACITACIÓN



Campaña de sensibilización en ciberseguridade: #CiberEsther e pezas breves en redes sociais

En 2025 mantívose a campaña de sensibilización en ciberseguridade impulsada pola Amtega e a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), con foco na cidadanía e especialmente en público mozo, a través da iniciativa #CiberEsther e pezas breves en redes sociais.

Durante o ano 2025, esta iniciativa desenvolveu máis de 70 vídeos, con máis de 3.8 millóns de visualizacións en total.



Campaña de sensibilización en ciberseguridade: Entrevistas

En 2025 a campaña incorporou novamente entrevistas a persoas expertas en ciberseguridade en programas de alta audiencia da TVG (por exemplo, Telexornal, Bos Días, O Termómetro), orientadas a concienciar sobre riscos e boas prácticas e alertar sobre novas estratexias de ciberdelincuencia.

Ao longo de 2025, leváronse a cabo **ata 12 entrevistas** centradas na ciberseguridade en Galicia.



Continuidade da colaboración a través do Convenio Amtega-CSAG

Co fin de continuar promovendo consellos sobre o uso seguro das tecnoloxías mediante accións de sensibilización dirixidas á cidadanía, o Nodo CIBER.gal, a través da Amtega, **avanzou nos traballos orientados á renovación do Convenio** de Colaboración coa Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG). Estes avances permiten seguir preparando futuras iniciativas de divulgación e prevención en materia de ciberseguridade.



DIFUSIÓN E COLABORACIÓN

Xaneiro



VI Foro Rexional ISMS Forum Galicia

O ISMS Forum, entidade adherida ao Nodo CIBER.gal, organizou a **6ª Edición do Foro Rexional ISMS Forum Galicia**, o cal contou coa participación do Nodo CIBER.gal representado pola Amtega.

O Foro estivo **dirixido a directores de seguridade da información, responsables de sistemas e profesionais con responsabilidade en seguridade, para tratar temas como: Xestión de riscos, continuidade de negocio e ciberresilencia, así como tendencias en ataques e ameazas.**



Colaboración coa Global Cybersecurity Alliance

En 2025, Gradiant, entidade adherida ao Nodo CIBER.gal formou parte do programa AIDE da **Global Cyber Alliance (GCA)** cun proxecto de investigación en ciberseguridade, unha iniciativa que se xestou grazas á labor de conexión e dinamización do Nodo CIBER.gal. O proxecto aborda a **análise intelixente de rexistros de ciberataques**, combinando marcos de referencia amplamente recoñecidos con técnicas avanzadas de intelixencia artificial, co fin de identificar patróns, tendencias e comportamentos relevantes no panorama de ameazas.

Marzo



Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias (SEDEXPO)

Amtega estivo presente na Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias (SEDEXPO), realizada en Marzo, no recinto Feira Internacional de Galicia ABANCA, en Silleda (Pontevedra). **Este evento reuniu a empresas, institucións e expertos do sector para presentar as últimas innovacións tecnolóxicas, promover o coñecemento e a cultura de seguridade e defensa na sociedade, e destacar a importancia da seguridade en todos os ámbitos.**

Amtega, xunto a CTAG e Gradiant, presentou o proxecto da **Rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación relativas á ciberseguridade en Galicia**. Ofrecéronse charlas técnicas sobre: ciberseguridade na automoción (UNR155), ciberseguridade en redes e servizos 5G e ciberseguridade en redes de control industrial.

Abril



Xornada de Ciberseguridade na FP

A Xornada de Ciberseguridade na FP, realizada en Abril, no CIFP Politécnico de Santiago e IES San Clemente, **orientouse ao profesorado e alumnado de especialidades de ciberseguridade da Formación Profesional.**

A programación combinou relatorios técnicos (seguridade dixital e privacidade, ciberseguridade na industria, ameazas no sector eléctrico, wargames) e obradoiros prácticos, consolidando a Xornada como referente de capacitación en FP en Galicia.

Maio



XI Congreso Internacional de Privacidade APEP

O XI Congreso Internacional de Privacidade, celebrado en maio na Coruña **é un encontro nacional de referencia sobre privacidade, gobernanza do dato e intelixencia artificial, e contou coa participación do Nodo CIBER.gal a través de Amtega.**

Reuniu a perfis técnicos, xurídicos e reguladores para **abordar a aplicación do Regulamento europeo de IA, o encaixe RGPD-RIA, a gobernanza do dato e a avaliación de riscos e impactos en sistemas de IA, con participación da AEPD e representación do Supervisor Europeo de Protección de Datos (EDPS).**



DIFUSIÓN E COLABORACIÓN

Outubro



Capacitación "Conéctate de forma segura: ciberseguridade para pemes galegas"

En colaboración con **GaiásTech** e a **Cátedra de Economía da Ciberseguridade USC-INCIBE**, e co apoio do Nodo **CIBER.gal**, organizouse un programa formativo en liña dirixido a **pemes**, orientado a reforzar as súas capacidades básicas en ciberseguridade. O curso, de **10 horas de duración** e con prazas limitadas, foi impartido por **dooingIT**, **empresa adherida ao Nodo**, e abordou de forma práctica as ameazas máis habituais como a enxeñaría social e o malware, así como solucións e boas prácticas adaptadas á realidade das pemes, complementándose cunha sesión final de tutoría presencial.

Novembro



Xornada sobre ciberseguridade relativa á protección dos cidadáns e ao crecemento económico

Sesión **organizada pola Confederación de Empresarios de Galicia en colaboración co Consello Económico e Social (CES)**, coa participación do Nodo **CIBER.gal** a través de Amtega no que se trataron a **protección cidadá fronte a ciberameazas**, o **impacto económico** e as **oportunidades de crecemento**, con entrega do estudo premiado "Gardacostas dixitais para un crecemento sostible".

Durante a xornada subliñouse a colaboración de INCIBE e Nodo CIBER.gal así como do CECIGA e a rede de laboratorios RETECH.


Decembro



Informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia

A elaboración do Informe sobre a ciberseguridade nas empresas de Galicia 2025, a partir dunha enquisa deseñada de forma conxunta por Amtega, a través do Nodo **CIBER.gal** e **O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**, e o Instituto Galego de Estatística (IGE). O traballo é resultado da cooperación institucional entre ambas as entidades, que permitiu pór en marcha a primeira edición da **Enquisa de ciberseguridade nas empresas galegas**, base da análise e con vocación de continuidade en 2026.

O informe ofrece unha radiografía do estado da ciberseguridade no tecido empresarial galego, destacando que máis **do 15% das empresas sufriu algún incidente en 2025**, sendo o phishing o máis habitual. Analiza tamén o impacto destes incidentes, o grao de adopción de medidas de seguridade, o investimento e a formación en ciberseguridade, así como a percepción de preparación das empresas, evidenciando diferenzas relevantes por tamaño e sector de actividade.



Dinamización do espazo web do Nodo CIBER.gal

Durante o 2025, o **espazo web do Nodo CIBER.gal** consolidou o seu papel como punto de referencia para Galicia, articulando a difusión de actualidade, axenda de eventos e recursos didácticos de ciberseguridade a través da cobertura de noticias de campaña e axenda como "**Mes Europeo da Ciberseguridade 2025**", o **diseño de páxinas específicas para iniciativas de concienciación**, ademais de desenvolvemento de contidos divulgativos, artigos e recursos con actualización continua.



FOMENTO DO TALENTO

Marzo

Outubro



Programa #Include da Fundación GoodJob

O Nodo CIBER.gal mantivo durante o 2025 a colaboración coa Fundación GoodJob dentro do Programa #Include.

Realizáronse dúas edicións en 2025 no eido desta colaboración, celebradas en marzo e en outubro. Articuláronse en sesións de sensibilización e contidos prácticos de ciberseguridade, dirixidas á cidadanía e ao contorno educativo, realizando relatorios sobre o contexto europeo, nacional e, especialmente, autonómico da ciberseguridade, ao finalizar cada sesión, realizouse unha actividade dinámica orientada a reforzar coñecementos sobre a pegada dixital, a xestión de contrasinais e autenticación multifactor, a prevención do phishing, a privacidade e o uso responsable de redes sociais.

Maio



4ª edición Xornada "Somos Cibernéticas"



A 4.ª edición de **Somos Cibernéticas** desenvolveuse como unha iniciativa orientada a fomentar a vocación e o interese das mozas polo ámbito da ciberseguridade, nun contexto no que a brecha dixital de xénero segue sendo unha realidade tanto no ámbito educativo como no profesional.

Neste marco, o obxectivo é mostrar ás estudantes o **amplio abanico de oportunidades profesionais** existentes no ámbito da ciberseguridade.

A xornada iniciouse coa conferencia "**Rompendo códigos e barreiras: o talento feminino en ciberseguridade**", impartida por Pilar Vila, CEO e cofundadora de Forensic & Security, entidade adherida ao Nodo CIBER.gal. A continuación, desenvolvéronse diversos **obradoiros prácticos** para acercar contidos aplicados (autenticación multifactor, deepfakes, malware, pegada dixital e enxeñería social) a través de retos prácticos e para incentivar o interese.

Outubro



Cursos de especialización en ciberseguridade no ámbito da Formación Profesional

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no marco do Nodo CIBER.gal e en colaboración coa **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, reforzou de maneira significativa a oferta de **cursos de especialización en ciberseguridade na Formación Profesional** desde 2024.

Para o curso **2025-2026** ofertouse ata un total de **14 cursos de especialización en ciberseguridade** IT e OT, con **360 prazas dispoñíbles** en modalidades **presencial e a distancia**, e unha ampla implantación territorial con sedes na Coruña, Ferrol, Culleredo, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Marín, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Lugo e Monforte de Lemos. Estes programas, están orientados a reforzar as capacidades técnicas do alumnado e facilitar a súa incorporación a un mercado laboral cunha alta necesidade de profesionais especializados.

O período ordinario de solicitudes para o curso 2025-2026 desenvolveuse entre o **16 de xuño e o 2 de xullo de 2025**.



FOMENTO DO TALENTO

Novembro



V Encontro CIBER.gal: Obradoiro: "SSH e identidade fiábel? Si, pero..."

No marco **do V Encontro CIBER.gal** organizouse e difundíuse o obradoiro práctico presencial "**¿SSH e identidade fiábel? Si, pero...**", orientado a persoal técnico tanto do ámbito ofensivo como defensivo. A actividade abordou a xestión da identidade no uso de SSH como estándar de administración remota en sistemas Linux, analizando os distintos métodos de autenticación, as súas fortalezas e debilidades, así como medidas para reforzar a seguridade do servizo.

O obradoiro combinou unha **aproximación teórica e práctica**, poñendo o foco nas malas prácticas habituais que poden converter SSH nunha vía de acceso inicial ou de escalada de privilexios, mesmo cando se empregan mecanismos considerados seguros. Así mesmo, traballaron técnicas de monitorización para detectar usos abusivos do servizo. A sesión foi impartida por Manuel Regal, xefe do departamento de informática e comunicacións do IES San Clemente.

24

Asistentes ao
obradoiro



V Encontro CIBER.gal: Obradoiro: "Extracción e análise de evidencias en contornos industriais"

20

Asistentes ao
obradoiro

Dentro do **V Encontro CIBER.gal** celebrouse o obradoiro presencial "**Extracción e análise de evidencias en contornos industriais**", centrado nos retos específicos da ciberseguridade e a análise forense en sistemas industriais. A actividade abordou a problemática asociada á obtención de evidencias neste tipo de contornos e a súa análise en dispositivos de comunicacións industriais, PLCs e robótica industrial.

O obradoiro estivo dirixido a estudantes e profesorado de ciclos formativos e cursos de especialización en ciberseguridade IT/OT, así como a persoas interesadas na temática, e requiriu coñecementos básicos de informática e redes. Foi impartido por Carlos Blanco, coordinador do Curso de Especialización en Ciberseguridade OT do CIFP Politécnico de Santiago, cun enfoque eminentemente práctico.



V Encontro CIBER.gal: Obradoiro: "Introdución á análise forense en dispositivos móbiles"

No V Encontro desenvolveuse o obradoiro presencial "**Introdución á análise forense en dispositivos móbiles**", no que as persoas participantes traballaron sobre un caso ficticio para **aplicar técnicas e ferramentas de análise forense dixital**. Ao longo da sesión realizouse unha análise preliminar de dispositivos Android e iOS, o estudo de xeolocalizacións para reconstruír encontros entre implicados e a análise de malware en Android mediante enxeñaría inversa.

A actividade estivo orientada a alumnado e profesorado de formación profesional e estudos universitarios en informática, así como a persoal técnico e membros das forzas e corpos de seguridade. O obradoiro foi impartido por Rafael López, xunto con David Diz e Iago López, do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, **e permitiu ás persoas asistentes aproximarse de forma práctica a metodoloxías reais de investigación forense en contornos móbiles**.

35

Asistentes ao
obradoiro



FOMENTO DO TALENTO



V Encontro CIBER.gal: Espazos técnicos de exposición

No marco do V Encontro CIBER.gal desenvolvéronse os **espazos técnicos de exposición**, unha actividade en formato presencial e en liña orientada á **presentación breve de proxectos, ideas, traballos e iniciativas no ámbito da ciberseguridade**. Estes espazos tiveron como obxectivo visibilizar o talento emerxente e dar proxección a iniciativas procedentes tanto do contorno académico como profesional en Galicia.

52

Inscritos ás
exposicións

As sesións contaron coa participación de **estudantes especializados, persoal investigador e profesionais do sector**, que presentaron traballos relacionados coa análise forense, a seguridade en contornos IoT, a detección de ciberataques, a aplicación de intelixencia artificial, a ciberseguridade industrial e a transferencia de coñecemento cara ao tecido produtivo. Tras cada intervención habilitouse unha quenda de preguntas, favorecendo o intercambio de ideas nun contorno próximo e participativo.

+15

Exposicións
realizadas



V Encontro CIBER.gal: Capture the Flag

No marco do V Encontro CIBER.gal, o Nodo CIBER.gal colaborou con Gradiant na **organización e difusión da competición Capture The Flag (CTF)**, unha actividade xa consolidada dentro do evento que desafiá ás persoas participantes a poñeren a proba os seus coñecementos e habilidades en ciberseguridade nun contorno práctico e competitivo. **A competición estruturouse en retos de tipo Jeopardy, organizados por categorías e distintos niveis de dificultade, que abrangue ámbitos como criptografía e esteganografía, explotación de vulnerabilidades, análises forense, enxeñaría inversa e recoñecemento.**

Cada reto superado permitía obter unha “flag” permutábel por puntos, co obxectivo de acadar a maior puntuación posible durante o tempo da competición. Como incentivo, **outorgáronse premios ao primeiro e segundo clasificado**, consistentes en equipamento tecnolóxico, e realizouse ademais o sorteo dun dispositivo entre todas as persoas participantes.

Decembro



Colaboración no deseño e lanzamento dos cursos e certificacións do CNTG en materia de ciberseguridade

No ámbito do Nodo CIBER.gal, e en colaboración co **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)**, impulsouse unha **ampla oferta formativa gratuíta**, que inclúe cursos e certificacións de referencia en ciberseguridade, orientada a reforzar os coñecementos, as competencias técnicas e o desenvolvemento do talento dos profesionais do tecido empresarial galego.

Estas formacións forman parte dun convenio de colaboración entre Amtega e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no contexto do Programa RETECH.



FACILITACIÓN DE SERVIZOS DE CIBERSEGURIDADE

Decembro



Servicios de ciberseguridade á administración autonómica

Durante 2025, mantívose o **reforzo das plataformas de protección ante ciberameazas**, acadando novos máximos na detección e mitigación de ataques.

Ao longo do ano, **bloqueáronse máis de 158 millóns de intentos de ataques DDoS**, 72 millóns de ameazas IPS e 32 millóns de intentos de intrusión en aplicacións web (WAF).

No ámbito da seguridade informática interna, **completáronse 31 auditorías técnicas**, estendeuse a protección con solucións antivirus a máis de **28.000 equipos, e 20.500 dispositivos** con tecnoloxías avanzadas de protección (EDR). Tamén se executaron 982 escaneos de seguridade en aplicacións, supervisando un total de 650 aplicacións únicas.

Estas accións permitiron mellorar significativamente a detección e resposta ante ameazas, reducindo os intentos de explotación de vulnerabilidades.



Servicios de ciberseguridade en entidades locais

En 2025, **reforzouse a colaboración coas entidades locais**, en concreto coas 4 deputacións provinciais e cos **23 concellos** de máis de 20.000 habitantes. Actualmente supervísanse máis de **2.300 activos dixitais**, incluíndo enderezos IP e dominios das entidades locais, o que permitiu **detectar máis de 4.315 incidentes** no que vai de ano. Ademais, reforzouse a monitorización 24x7 a través do SEM, procesando diariamente máis de **584 millóns de eventos de seguridade** cun aumento no número de eventos diario de máis do 16% respecto ao ano anterior, e integrando 1.202 fontes de datos.

No ámbito formativo, **impartíronse 21 charlas de concienciación, acadando a 544 asistentes, e realizáronse 72 auditorías técnicas** en deputacións e concellos para avaliar a súa postura de seguridade. Ademais, grazas ao proxecto de EDR, financiado pola Xunta con fondos europeos REACT, estanse protexendo **6.000 equipos pertencentes a tres deputacións, oito concellos de máis de 20.000 habitantes e máis de 100 concellos dependentes das deputacións da Coruña e Ourense**.



Servicios de ciberseguridade no ámbito de Xustiza

Reforzáronse as **capacidade de ciberseguridade na Administración de Xustiza en Galicia** mediante a inclusión de melloras na auditoría e protección dos repositorios corporativos, optimización na detección e resposta a ameazas, execución de traballos de consultoría de alta especialización para mellorar a seguridade da infraestrutura, fortalecemento do cadro de mando de seguridade e adecuación normativa e **certificación de servizos no Esquema Nacional de Seguridade**.

Tamén se executaron iniciativas de formación e concienciación en ciberseguridade ás persoas usuarias deste ámbito.



IMPULSO Á INDUSTRIA DA CIBERSEGURIDADE

Xuño



Xornada "Galicia cibersegura: protexendo o tecido empresarial"

No marco do **V Encontro CIBER.gal**, o Nodo CIBER.gal organizou a **xornada "Galicia cibersegura: protexendo o tecido empresarial"**, celebrada o 11 de xuño no **Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole)**, en San Cibrao das Viñas (Ourense). A actividade contou coa coorganización do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG), así como coa colaboración e participación de entidades adheridas ao Nodo e representantes do ecosistema galego de ciberseguridade.

A xornada estivo dirixida principalmente ao **tecido empresarial e industrial**, abordando cuestións clave de actualidade como **as novas obrigas normativas** en materia de ciberseguridade derivadas da directiva NIS2, o **impacto da ciberseguridade en contornos industriais e a evolución da ciberdelincuencia** no ámbito empresarial. A través de relatorios e paneis de expertos procedentes de empresas, administracións públicas como INCIBE e corpos de seguridade como a Garda Civil, ofreceuse unha visión práctica sobre como as organizacións poden reforzar a súa protección fronte ás ameazas dixitais e adaptarse a un contexto cada vez máis exigente.

Así mesmo, o programa incluíu un bloque específico sobre **oportunidades de financiamento** para mellorar a ciberseguridade das empresas e un relatorio dedicado á ciberseguridade no vehículo conectado, poñendo de relevo novos retos tecnolóxicos emerxentes.

Novembro



V Encontro CIBER.gal: Exposicións de solucións de ciberseguridade

+500
inscritos ás
exposicións

No marco do **V Encontro CIBER.gal** desenvolveuse un completo programa de **exposicións de solucións de ciberseguridade**, concibido como un espazo de transferencia de coñecemento e de presentación de capacidades tecnolóxicas avanzadas por parte das **entidades patrocinadoras do evento**. Estas sesións, celebradas en modalidade presencial, permitiron ás persoas asistentes coñecer de primeira man **produtos, servizos e enfoques innovadores** vinculados a algúns dos principais retos actuais en ciberseguridade.

O programa estivo composto por un total de **18 exposicións**, que abordaron temáticas clave como a ciberseguridade aplicada á IA, a detección de contido falso, a seguridade en contornos OT, a protección do dato, o cumprimento normativo, ou a análise forense dixital, entre outras. Nelas participaron **Telefónica, Gradiant, S2 Grupo, Vodafone, Inprosec, CTAG, cloud.gal, APDTIC, Trend Micro, Palo Alto Networks, Ivanti, Seresco, Fujitsu, Proofpoint, DLTCode, Sermicro, NTT Data e Indra Group**.

Decembro



Proxecto RETECH Ciberseguridade - Galicia

No marco do **Programa RETECH en ciberseguridade**, impulsado desde INCIBE, e no marco do Nodo CIBER.gal, Galicia presentou un proxecto conxuntamente con Cataluña e a Comunidade Valenciana: **"Centro de Innovación e Competencia en Ciencias da Saúde, Transporte Intelixente, Industria Conectada e Excelencia Operativa"**. No caso de Galicia, o proxecto é liderado pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** na vertical do **Transporte Intelixente**.

Neste liderado destaca o **desenvolvemento dunha rede de laboratorios sectoriais e centros demostradores en ciberseguridade aplicada ao transporte intelixente**, en colaboración co **Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)**, a **Universidade de Vigo**, o **Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)** e **Gradiant**. Esta rede conta cun investimento total próxima aos 8,5 millóns de euros, dos que o 75 % é achegado pola Xunta de Galicia a través do Programa RETECH, con fondos Next Generation da UE. Ademais, esta rede contará coa creación dun laboratorio transversal de ciberseguridade, que se situará no **futuro Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia (CECIGA)**.

2.3. Resumo en cifras

+7.600

Estudantes participantes
na "Iniciación segura á
pegada dixital e ás redes
sociais"

+5.000

Alumnos
participantes no
concurso
Ciberseguridade
no cole!

+3.8M

De visualizacións da
campaña de
sensibilización en
ciberseguridade

+3.600

Inscripcións ó
V Encontro
CIBER.gal

+70

Asistentes aos
obradoiros do
V Encontro

+158M

de intentos de
ataques DDoS
bloqueados

43%

De incremento en
asistencias ó
V Encontro CIBER.gal

+500

inscritos ás
exposicións de
ciberseguridade do
V Encontro CIBER.gal

+1.170


Escolares
asistentes ao
V Encontro
CIBER.gal

+15

Exposicións técnicas
no V Encontro
CIBER.gal

+300

Beneficiarios das
actividades do Grupo
de Traballo de
Empresas



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE